



## CONCELLO DE CHANTADA

# “CONVENIO ASOCIACION CLUB ATLETICO CHANTADA”

Chantada, 20 de outubro de 2017,

REUNIDOS,

Dunha parte, o Sr. D.Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, Presidente do Concello de Chantada, con CIF P2701600E, e sede social en Chantada, Plaza de España N°1-27500, actuando en nome e representación da entidade, segundo dispón o artigo 21 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de réxime local.

E doutra, o Sr/ D. José Antonio Neira Vázquez, con NIF 34.268.775V , que actúa como representante da asociación Club Atletico Chantada G27422542 ,inscrita no Libro de Rexistro de Asociacións municipais co numero 55.

Ante D. Jesús Angel Ledo Cores, Secretario Accidental do Concello de Chantada, en exercicio das funcións de fe pública que lle son propias.

As partes comparecentes recoñécense representación e poder bastante para obrigarse nos termos do presente convenio, o texto o cal foi aprobado previamente polos seus órganos competentes, e a tal efecto

EXPOÑEN

### **PRIMEIRA.- ACTIVIDADE SUBVENCIONADA E BENEFICIARIOS**

A actividade subvencionada será a practica de actividade física e deportiva polos asociados, así como a participación en actividades e competicións oficiais no ámbito do fútbol.

### **SEGUNDA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DA SUBVENCIÓN**

O Concello de Chantada comprométese a achegar a cantidade de 2.500,00 € en

**CONCELLO DE CHANTADA**

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org



## CONCELLO DE CHANTADA

---

concepto de subvención destinada a sufragar os gastos destinados á actividade subvencionada definida na consideración precedente, con cargo á aplicación orzamentaria 341-489.01.

ºEsta cantidade será aboada na Conta Bancaria que para este obxeto indique o beneficiario, para o cal será necesario e imprescindible a presentación dun extracto bancario no que figure o número de conta da Asociación.

### **TERCEIRA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS.**

A presente subvención será compatible coa percepción doutras axudas destinadas á mesma finalidade, sempre que no seu conxunto non superen o custo total da actividade a realizar, debendo o beneficiario facer declaración responsable das mesmas a este Concello.

### **CUARTA.- PRAZO E MODO DE PAGO DA SUBVENCIÓN.**

O prazo para a realización da actividade será todo o ano 2017. E deberán estar presentadas todas as xustificacións antes do 1 de decembro de 2017, outorgándose despois un prazo de 10 días para a corrección de deficiencias.

A presente subvención será obxecto de pago unha vez que a entidade beneficiaria xustifique a realización da actividade obxecto desta axuda, para o cal será imprescindible demostrar por **calquer medio válido en dereito o pago da mesma**.

Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente realizado pola entidade beneficiaria d subvención durante ano 2017.

### **QUINTA.- GASTOS SUBVENCIÓNABLES**

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da Actividade Subvencionada definida na Consideración segunda, e que se realicen dentro do ano 2017.

Non se considerarán gastos subvencionables, aqueles realizados por unha asociación a outra, cando as dúas realicen actividades obxecto de subvención polo Concello de Chantada.

### **SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

Son obrigas dos beneficiarios aquelas recollidas no artigo 14 da LXS.

### **SÉTIMA: PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLO BENEFICIARIO:**

---

## CONCELLO DE CHANTADA



## CONCELLO DE CHANTADA

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición de conta xustificativa simplificada, nos termos do artigo 75 do RD 887/2006, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario.

En todo caso, unha vez asinados os correspondente convenio, otorgarase un prazo de 10 días, para a presentación da seguinte documentación:

1. Declaración responsable de non estar incursos o beneficiario ou a entidade colaboradora en ningunha das prohibicións previstas no artigo 13 da LXS
2. Certificación acreditativa de non ser debedor da Facenda pública e de estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social. Será suficiente que efectúe unha Declaración responsable nas subvencións nas que a contía a outorgar a cada beneficiario non supere ou importe de 3.000,00 euros.

No caso de non presentar a documentación anterior, considerarase denegada a subvención.

Á mencionada conta xustificativa acompañarase a seguinte documentación:

- a) Unha **MEMORIA DE ACTUACIÓN**, xustificativa das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b) Unha **RELACIÓN CLASIFICADA DOS GASTOS E INVERSIÓNS DA ACTIVIDADE**, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago
- c) **DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ATOPARSE FACULTADO PARA ACTUAR EN NOME DA ENTIDADE**, no seu caso.
- d) **FACTURAS OU DOCUMENTOS CON VALOR PROBATORIO EQUIVALENTE CON VALIDEZ NO TRÁFICO XURÍDICO-MERCANTIL OU CON EFICACIA ADMINISTRATIVA** (orixinais ou copias compulsadas, no caso de copias compulsadas, deberán ter o selo de compulsas e inserido no **orixinal "Gasto subvencionado polo Concello de Chantada"**), polo importe da subvención concedida.

No caso de presentar copias compulsadas, acudirase ao Concello de Chantada, para que no orixinal das facturas se poña cuño no que se indique "Gasto subvencionado polo Concello de Chantada", despois deberán ser presentadas as copias desas facturas, debidamente compulsadas.

Non se considerará xustificada a subvención, no caso de que as copias non cumpran os requisitos anteriores.

As facturas que se presenten como xustificación da subvención concedida deberán cumprir os requisitos do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o "Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación", e ademais de estar datadas no período subvencionable. En todo caso, ademais deberán acompañarse documentos xustificativos segundo a normativa legal, polo importe da subvención concedida.

## CONCELLO DE CHANTADA



## CONCELLO DE CHANTADA

As facturas virán a nome da Asociación subvencionada.

En ningún caso se lles recoñecerá valor probatorio aos contratos privados.

Só se aceptarán recibos, por importes inferiores a 300,00€, debendo acompañarse dun certificado do responsable da Asociación da relación dos recibís presentados.

e) **DECLARACIÓN DE QUE SE REALIZARON AS FINS** para os que foi concedida a subvención e que **AS FACTURAS** e/ou documentos que se presentan como xustificación **FORON APLICADOS ÁS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS.**

f) **DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS SUBVENCIONS RECIBIDAS DE INSTITUCIONS PÚBLICAS OU PRIVADAS PARA DITA ACTIVIDADE**, sen que, en ningún caso, o importe conxunto de tódalas axudas poida ser superior ao gasto realizado.

g) **DATOS DA ENTIDADE BANCARIA** á cal se lle transfere o importe da subvención que puidera concederse.

### OITAVA.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN:

Procederá o reintegro da subvención sempre que concorran as circunstancias reguladas nos artigos 36 e seguintes da Lei xeral de subvencións.

### NOVENA.- INFRACCIONS E SANCIONS

En materia de infraccións e sancions as partes remítense ao preceptuado nos artigos 52 e seguintes da Lei xeral de subvencións.

### DÉCIMA.- ANTICIPO DA SUBVENCIÓN.

Dacordo co artigo 34.4 dá LXS e o artigo 88 do RXS, pódese conceder un anticipo da subvención, sendo necesaria a xustificación da totalidade da actividade subvencionada no prazo máximo de 5 días dende a realización da actividade.

Sendo o beneficiario un ente sen ánimo de lucro e non ter recursos suficientes para financiar temporalmente a actividade subvencionada, a subvención será pagada por adiantado para a implantación da actividade subvencionada.

Non será necesaria a prestación de garantía por parte do beneficiario.

Chantada, 20 de outubro de 2017

O ALCALDE,

A/ Manuel L. Varela Rodriguez

O SECRETARIO, Acc.

ós sos efectos de fe pública,

A/ Jesús Angel Ledo Cores.

O REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN,

A/ José Antonio Neira Yáñez.

CONCELLO DE CHANTADA